



# **CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA**

**INFORME DE FISCALIZACIÓN  
SELECTIVA DO CONCELLO DA CORUÑA**

**EXERCICIOS 2000-2001**



## ÍNDICE

	<u>Páxina</u>
<b>1. INTRODUCCIÓN</b> .....	<b>1</b>
1.1. Obxectivos e alcance .....	1
1.2. Normativa reguladora .....	1
1.3. Orzamento, liquidación e conta xeral (exercicio 2001) .....	3
<b>2. ASPECTOS XERAIS</b> .....	<b>5</b>
2.1. Indicadores .....	5
2.2. Análise orzamentaria e contable .....	6
2.3. Acordo regulador das condicións de traballo do persoal ó servizo do Concello .....	8
<b>3. CADRO DE PERSOAL, RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO E OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO</b> .....	<b>9</b>
3.1. Cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo .....	10
3.2. Oferta de emprego público dos exercicios 2000 e 2001 .....	11
<b>4. PERSOAL Ó SERVIZO DA ENTIDADE LOCAL</b> .....	<b>13</b>
4.1. Persoal eventual .....	13
4.2. Persoal funcionario .....	13
4.3. Persoal laboral .....	15
4.4. Anticipos, gratificacións, produtividade e indemnizacións por razón do servizo .....	20
4.5. Incidencias tributarias e de seguridade social .....	25
4.6. Procesos xudiciais relacionados co persoal .....	26
<b>5. CARGOS ELECTOS</b> .....	<b>27</b>
5.1. Retribucións .....	27
5.2. Indemnizacións dos cargos electos .....	28
<b>6. PROCEDIMENTOS SELECTIVOS</b> .....	<b>31</b>
6.1. Funcionarios .....	32
6.2. Persoal laboral temporal .....	34
<b>7. CONCLUSIÓNS</b> .....	<b>39</b>
<b>8. RECOMENDACIÓNS</b> .....	<b>43</b>
8.1. Recomendacións efectuadas neste informe .....	43
8.2. Análise do cumprimento das recomendacións efectuadas no informe de fiscalización do exercicio 1997 .....	44
<b>ANEXOS</b> .....	<b>45</b>
<b>ALEGACIÓNS PRESENTADAS POLO CONCELLO</b> .....	<b>49</b>
<b>RÉPLICA ÁS ALEGACIÓNS PRESENTADAS</b> .....	<b>69</b>



## **1. INTRODUCCIÓN**

### **1.1. Obxectivos e alcance**

De conformidade co establecido na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Pleno desta Institución, en sesión celebrada o 16 de decembro de 2002, acordou incluír no seu programa de actuacións a realizar no ano 2003, a fiscalización da área de gastos de persoal correspondente ós exercicios 2000 e 2001 do Concello de A Coruña.

Os obxectivos de fiscalización consistiron en:

- Verificar que os gastos de persoal corresponden a persoal ó servizo da Entidade e que foron correctamente contabilizados.
- Analizar a correcta tramitación da oferta de emprego público e o cumprimento dos principios de publicidade, igualdade, mérito e capacidade nos procesos selectivos realizados polo Concello.
- Comprobar que as retribucións, indemnizacións por razón de servizo e demais gastos en materia de persoal axustáronse á normativa de aplicación.
- Analizar o cumprimento das recomendacións formuladas na área de persoal no informe de fiscalización do exercicio 1997.

O período temporal estendeuse a aqueles exercicios (anteriores e posteriores) que se consideraron necesarios para a consecución dos obxectivos previstos.

### **1.2. Normativa reguladora**

A normativa reguladora das materias obxecto de fiscalización, inclúese fundamentalmente nas seguintes disposicións:

- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a reforma da Función Pública (LMRFP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais (LRFL).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999 (LRXAP e PAC).

- Lei 40/1998, de 9 de decembro, do Imposto sobre a renda das persoas físicas.
- Lei 13/2000, de 28 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o exercicio 2001 (LPXE).
- Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia.
- Lei 4/1988, de 26 de maio, da Función Pública de Galicia (LFPG).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia (LALG).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto Lexislativo 1091/1988, de 23 de setembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral Orzamentaria (TRLXP).
- Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración Local.
- Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.
- Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro, de Réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional (RXFHN).
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve, en materia de presupostos, o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, Reguladora das Facendas Locais.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos para axustar o procedemento de selección de funcionarios da Administración Local.
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración do Estado.
- Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada.

- Real Decreto-Lei 2608/1929, de 16 de decembro de 1929, anticipo sobre haber líquido dunha ou dúas mensualidades.
- Orde do Ministerio de Economía e Facenda de 20 de setembro de 1989, sobre estrutura dos presupostos das Entidades Locais.
- Instrucción de Contabilidade para a Administración Local (ICAL), aprobada por Orde do Ministerio de Economía e Facenda de 17 de xullo de 1990.

### **1.3. Orzamento, liquidación e conta xeral (exercicio 2001)**

O orzamento inicial do Concello de A Coruña para o exercicio 2001 ascendeu a 23.500.000.000 pesetas. O remanente de tesourería para gastos xerais aprobado foi de 3.895.043.375 pesetas. O resultado orzamentario axustado aprobouse con superávit de 3.831.069.433 pesetas. Os estados de gastos e ingresos da liquidación do orzamento da Entidade inclúense como Anexo I.

O orzamento xeral de 2001, que ascendeu a 25.639.064.800 pesetas, formado polo da propia Entidade (23.500.000.000 de pesetas), o do Organismo autónomo municipal "*Instituto Municipal Coruña Espectáculos*" (58.774.800 pesetas), e polos estados de previsión de ingresos e gastos da "*Empresa Municipal de Aguas de A Coruña, S. A.*" (2.080.290.000 pesetas), aprobouse definitivamente fóra do prazo establecido no artigo 150.2 da LRFL. A liquidación do orzamento do Concello aprobouse en prazo o día 27 de febreiro de 2002. Non obstante, remitiuse á Administración do Estado e a da Comunidade Autónoma o 14 de xuño de 2002, con posterioridade ó prazo límite establecido nos artigos 174.5 da LRFL, 91 do RD 500/1990 e regra 445 da ICAL.

A conta xeral de 2001 aprobouse o 9 de setembro de 2002 e remitiuse ó Consello de Contas o día 9 de outubro de 2002, respectando os prazos regulados nos artigos 193 e 204 da LRFL.



## 2. ASPECTOS XERAIS

### 2.1. Indicadores

Coa finalidade de proporcionar unha información resumida da situación do persoal do Concello, preséntanse os seguintes ratios e indicadores correspondentes ó exercicio 2001.

**a) Gasto de persoal:** 6.354.892.817 pesetas, equivalente a 26.541 pesetas/habitante. No exercicio 2000 o gasto de persoal situouse en 25.114 pesetas/habitante, 24 puntos porcentuais por debaixo da media española para os municipios deste tramo poboacional (máis de 50.000 habitantes) e 5 por debaixo da media galega.

**b) Índice de persoal funcionario e laboral fixo por mil habitantes:** 6,01.

**c) Cualificación profesional:** os postos de traballo de funcionarios que requiren titulación universitaria representan o 19%. A porcentaxe para o persoal laboral fixo situouse no 20%.

**d) Grao de equipamento tecnolóxico:** resúmese no seguinte cadro.

Ano 2001(*)	Ordenadores	Acceso a Internet
Funcionarios	677	112
Laborais	166	9
<b>Traballadores</b>	<b>843</b>	<b>121</b>

(\*) Usuarios de oficinas xerais.

**e) Taxa de absentismo laboral:** o número de xornadas laborais non realizadas polo persoal e relacionadas cos permiso-licencias contemplados nos artigos 68 e 70 da Lei 4/1988, de 26 de maio, da función pública de Galicia, preséntanse no seguinte cadro:

Ano 2001	Permiso/Licencias
Embarazo e maternidade	17.443 días
Enfermidade	555 días
Nacemento fillo, enfermidade grave ou morte de familiar	220 días
Asuntos persoais sen xustificación	13.570 días

- f) Número de folgas no ano 2001:** realizáronse dúas, a xeral do día 15 de xuño de 2001 con participación de 78 persoas; e folga do 4 ó 16 de agosto de 2001 que secundaron 41 dos 77 compoñentes do cadro de persoal de bombeiros.
- g) Control horario:** no ano 2001 existía control horario mecánico no Palacio Municipal de María Pita, e noutros dous edificios administrativos (edificio da Franja e Casa Paredes). Na actualidade (febreiro de 2004), o número de dependencias municipais que teñen control horario é de 15.
- h) Organización administrativa:** O edificio da Franja (sede na que se realizou o traballo de campo), dispón de instalacións adecuadas para a prestación de servizos administrativos. Os 3 postos de funcionarios con habilitación de carácter nacional foron ocupados por funcionarios da categoría superior.

## 2.2. Análise orzamentaria e contable

As magnitudes correspondentes a créditos iniciais do estado de gastos dos exercicios 2000 e 2001 exprésanse no cadro seguinte. Os créditos consignados no capítulo I “Gastos de persoal” representan, sobre o importe total do presuposto da Entidade, unha porcentaxe do 26,86% no exercicio 2000 e 27,71% no 2001. O incremento do capítulo I no presuposto do exercicio 2001 con respecto ó 2000 é do 6,6%.

CAP.	DESCRICIÓN	En pesetas			
		Créditos Iniciais	Índice %	Créditos	Índice %
1	Gastos de persoal	6.107.707.393	27	6.511.489.176	28
2	G. en bens ctes. e servizos	7.089.663.030	31	7.566.965.252	32
3	Gastos financeiros	721.982.434	3	949.134.128	4
4	Transferencias correntes	2.017.582.372	9	2.180.560.124	9
6	Investimentos reais	4.686.381.711	20	3.888.633.622	16
7	Transferencias de capital	125.233.420	1	372.510.037	2
8	Activos financeiros	5.000	0	3.000	0
9	Pasivos financeiros	1.986.444.640	9	2.030.704.661	9
<b>TOTAL</b>		<b>22.735.000.000</b>	<b>100</b>	<b>23.500.000.000</b>	<b>100</b>

A estrutura do capítulo I do presuposto de Gastos, a nivel de artigo, do exercicio 2001 é a seguinte:

Artigo	(En pesetas)						
	Créditos iniciais	Modificac.	Créditos definitivos	Obrigas recoñecidas	Pagos ordeados	Pagos liquidados	Ordes Pdtes.
10. Altos Cargos	179.126.867	-27.500.000	151.626.867	148.175.462	147.325.185	147.325.185	0
11. Persoal Gabinetes	144.004.555	-9.000.000	135.004.555	133.910.846	133.910.846	133.910.846	0
12. Persoal funcionario	3.972.341.485	-381.857.354	3.590.484.131	3.482.780.554	3.482.731.207	3.482.731.207	0
13. Persoal laboral	554.882.964	446.470.931	1.001.353.895	884.927.383	884.783.962	884.783.962	0
14. Outro persoal	0	0	0	0	0	0	0
15. Incentivo rendemto.	95.303.505	51.093.171	146.396.676	142.905.496	137.034.868	137.034.868	0
16. Cotas sociais	1.565.829.800	202.477.050	1.768.306.850	1.562.193.076	1.536.925.948	1.536.718.684	207.264
<b>TOTAIS</b>	<b>6.511.489.176</b>	<b>281.683.798</b>	<b>6.793.172.974</b>	<b>6.354.892.817</b>	<b>6.322.712.016</b>	<b>6.322.504.752</b>	<b>207.264</b>

- Os créditos definitivos do capítulo I representan o 21,2% e 27,9% dos créditos definitivos e das obrigas recoñecidas totais, respectivamente. As modificacións orzamentarias a nivel de artigo representan o 4% dos créditos iniciais do capítulo 1. As modificacións totais supoñen o 36,6% do orzamento aprobado. O grao de execución do capítulo I (OR/CD) foi do 93,5%.
- Non se detectaron diferencias significativas nos traballos de conciliación entre contabilidade financeira e orzamentaria.

Con obxecto de verifica-lo cumprimento dos límites establecidos no artigo 7 do RD 861/1986, realizase, tomando como base os créditos iniciais incluídos no Presuposto, o seguinte cálculo:

Descrición	Importe (en pesetas)	Porcentaxe	Límite artigo 7 do RD 861/1986
Masa retributiva global (excluído persoal laboral)	4.097.344.990		
Retribucións básicas (-)	1.922.877.948		
Complemento de destino (-)	794.864.056		
Axudas familiares (-)	31.750.000		
<b>Total</b>	<b>1.347.852.986</b>		
Complemento específico	1.254.599.481	93,08	75%
Productividade	66.253.505	4,92	30%
Gratificacións	27.000.000	2,00	10%

A cantidade asignada ó complemento específico supera o límite establecido no artigo 7.2,a) do RD 861/1986.

### **2.3. Acordo regulador das condicións de traballo do persoal ó servizo do Concello**

Este convenio é de aplicación a persoal funcionario e contratados laborais fixos ou eventuais que ocupen praza no cadro de persoal. O tratamento unitario para ámbolos dous tipos de persoal é contrario o que sinala o Tribunal Supremo en sentenza de 22 de outubro de 1993 e podería determinar a súa nulidade de pleno dereito.

Da análise do convenio extráctanse as seguintes incidencias que máis adiante se detallarán nos apartados correspondentes do Informe:

- Acórdase o pagamento de dúas pagas extraordinarias nos meses de xuño e decembro, por importe, cada unha delas, dunha mensualidade íntegra de retribucións básicas, complemento de destino e complemento específico. Este feito supón o incumprimento do disposto nos artigos 2.2. do RD 861/1986 e 23.2,c) da Lei 30/1984.
- Por asistencia a cursos de formación ou perfeccionamento, ou por motivos de traballo, realizados fóra do termo municipal, o Concello entrega axudas económicas non contempladas no RD 236/1988.
- O artigo 15 do Acordo regulador establece que poderán concederse anticipos ó persoal por importe máximo de catro mensualidades, ata 750.000 pesetas, a reintegrar antes de corenta meses. Incúmprese as normas contidas no Real Decreto Lei 2608/1929, respecto ó importe máximo e prazo de devolución de anticipos.
- Establécese un premio especial de antigüidade por cada sete anos de servizos prestados ó Concello, consistente no disfrute, por unha soa vez e por período cumprido, dunha semana adicional de vacacións, que é contrario o disposto no artigo 69.1 LFPG.

### 3. CADRO DE PERSOAL, RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO E OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO

O persoal ó servizo da Corporación durante os exercicios 2000 e 2001 reflíctese no cadro seguinte:

Descrición	Exercicio 2000		Exercicio 2001	
	Persoal no cadro de persoal (prazas)	Persoal que figura en nómina a 31 de decembro	Persoal no cadro de persoal (prazas)	Persoal que figura en nómina a 31 de decembro
Cargos electos con dedicación exclusiva		11		13
Cargos electos con dedicación parcial		10		8
Persoal eventual de confianza	26	25	28	26
Persoal funcionario	1.342	1.082	1.335	1.087
Persoal laboral fixo	145	130	134	125
Persoal laboral temporal		224		199
Persoal do Organismo Autónomo IMCE	10	9	16	9
<b>TOTAL</b>	<b>1.523</b>	<b>1.491</b>	<b>1.513</b>	<b>1.467</b>

Existen ademais 6 cargos electos sen dedicación exclusiva ou parcial, polo que o total de efectivos no mes de decembro de 2000 ascende a 1.497(1491+6) e no mes de decembro de 2001 a 1.473(1.467+6). Diminuíuse un 1,93% o persoal que cobra nóminas a finais de 2001 respecto a finais de 2000.

O persoal laboral temporal que figura en nómina a 31 de decembro do exercicio 2000 supón o 14,9% do total. Esta porcentaxe redúcese lixeiramente no exercicio 2001. Constatouse a existencia de numerosos contratos de obra ou servizo que se manteñen en sucesivos anos a través de prórrogas dos mesmos, o que evidencia a non eventualidade daqueles, propia dos contratos laborais temporais. Este feito, aconsella a reestructuración do cadro de persoal cubrindo eses postos de traballo mediante funcionarios ou persoal laboral fixo, a través dos pertinentes procesos selectivos que garanten os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade.

### 3.1. Cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo

#### **Exercicio 2000**

A plantilla deste exercicio apróbase polo Pleno da Corporación o 4 de febreiro de 2000 con motivo da aprobación do orzamento e comprende tódolos postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual, de acordo co establecido nos artigos 90.1 LRBRL e 126.1 do TRRL. Publícase o día 12 de febreiro de 2000 no BOP xunto coa aprobación definitiva do orzamento. O número de prazas en plantilla ascende a 1.513 e na mesma non se reflicten as vacantes.

O Concello non confeccionou a relación de postos de traballo prevista nos artigos 90.2 LRBRL e 126.4 TRRL. No seu defecto apróbanse diversos organigramas da Institución en función das áreas establecidas. Nos exercicios fiscalizados, aprobáronse os documentos seguintes:

<b>Acordo Plenario</b>	<b>Contido</b>
20 de marzo de 2000	Modificación das áreas de Medioambiente e Urbanismo e creación da de Seguridade Cidadán
14 de abril de 2000	Modificación das áreas de Benestar e Interior e creación das áreas de Infraestructuras e de Persoal
12 de xuño de 2000	Modificación da área de Alcaldía
10 de outubro de 2001	Creación dun departamento de servicios xerais na área de Interior

Non existe, polo tanto, un único organigrama na Corporación. Os acordos mencionados só inclúen as funcións dos postos de traballo na medida en que estas cambiaran ou crearan novos postos, polo que non aparecen as características esenciais de tódolos postos de traballo e polo tanto estes documentos non poden substituír a aprobación da RPT esixida nos artigos 90.2 da LRBRL e 126.4 do TRRL.

#### **Exercicio 2001**

O cadro de persoal deste exercicio apróbase polo Pleno da Corporación o 5 de febreiro de 2001, con motivo da aprobación do presuposto, e comprende tódolos postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual, de acordo co establecido nos artigos 90.1 LRBRL e 126.1 do TRRL. Publícase o día 13 de febreiro de 2001 no BOP xunto coa aprobación definitiva do presuposto. O número de prazas en plantilla ascende a 1.497, menos que

na plantilla do exercicio 2000, xa que de acordo coa proposta de aprobación da mesma se extinguen ou se reclasifican postos innecesarios na súa anterior configuración. Non se reflicten as vacantes na plantilla, que si figuran no Anexo de persoal. No mesmo existen con dotación orzamentaria 303 prazas vacantes de funcionarios e 3 de persoal laboral fixo.

Ó igual que no exercicio 2000, non se aproba a RPT esixida polos artigos 90.2 da LRBRL e 126.4 do TRRL, conforme ó establecido na Lei 30/1984.

### **3.2. Oferta de emprego público dos exercicios 2000 e 2001**

#### ***Exercicio 2000***

A oferta de emprego público do exercicio 2000 apróbase por Acordo da Comisión de Goberno de 6 de outubro de 2000, superando o prazo dun mes, previsto no artigo 128 do TRRL, desde a aprobación do presuposto. Publícase no BOP ó 28 de outubro de 2000 e no BOE o 17 de outubro do mesmo ano. Ofértanse 50 prazas polo turno libre e 10 de promoción interna, todas elas de funcionarios. Ó longo do exercicio 2001 convocáronse prazas correspondentes a esta oferta. Non se convocaron a totalidade das prazas ofertadas, incluíndose na oferta do exercicio 2001 as non convocadas polo que se incumpre o disposto no artigo 5 do RD 896/1991, de acordo co cal, o Presidente da Corporación, unha vez publicada a oferta de emprego público no BOE, procederá a convoca-las probas selectivas no prazo legalmente establecido<sup>1</sup>.

#### ***Exercicio 2001***

A oferta de emprego público do exercicio 2001 apróbase por Acordo da Comisión de Goberno de 19 de xullo de 2001, despois de supera-lo prazo dun mes, previsto no artigo 128 do TRRL, desde a aprobación do presuposto. Entre a documentación facilitada non consta a relativa á publicación no BOP da oferta aprobada. Publícase no BOE o 24 de xullo de 2001. Nesta oferta inclúense as prazas non convocadas das ofertas dos exercicios 1997 a 2000, ámbalas dúas incluídas, quedando anuladas as mesmas. Así mesmo, á data de realización da fiscalización, varias prazas correspondentes á oferta de 2001 non foron convocadas, polo que se incumpre reiteradamente o disposto no

---

<sup>1</sup> Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións presentadas polo Concello.

artigo 5 do RD 896/1991 no relativo á obrigatoriedade de convocar, por parte do Presidente da Corporación, no prazo legalmente establecido, as probas selectivas de tódalas prazas incluídas na oferta de emprego público. Ofértanse polo turno libre para funcionarios 129 prazas e 22 de promoción interna. Así mesmo, se inclúe unha praza de laboral fixo. A oferta de prazas de novo ingreso supón ó 42% das prazas vacantes. Con esta oferta incúmprese o disposto no artigo 22 da LPXE para 2001, de acordo co cal só se poderán incluír na mesma prazas de novo ingreso co límite do 25% da taxa de reposición de efectivos.

## **4. PERSOAL Ó SERVICIO DA ENTIDADE LOCAL**

Neste apartado faise unha mostraxe dos expedientes do persoal ó servicio do Concello, para analiza-la forma de acceso ó posto de traballo, as retribucións que por tódolos conceptos se percibiron nos exercicios 2000 e 2001, así como a correcta detracción das cantidades correspondentes á Seguridade Social e IRPF.

O persoal que figura ó servicio da Corporación durante o exercicio 2001 reflíctese no cadro da páxina 9.

### **4.1. Persoal eventual**

De acordo co artigo 104 LRBRL, a determinación do número, características e retribucións do persoal eventual, corresponde ó Pleno da Corporación ó comezo do seu mandato. Estas determinacións só se poderán modificar con motivo da aprobación dos presupostos anuais.

O Pleno aprobou 26 postos de persoal eventual en sesión do 9 de xullo de 1999. Coa aprobación do presuposto do exercicio 2001 ampliouse o número de eventuais que realizan funcións de confianza e asesoramento a 28.

Analizáronse 5 expedientes nos que consta a publicación no BOP do nomeamento, réxime de retribucións e dedicación. Verificouse a correcta percepción de retribucións de acordo coa asimilación a postos de funcionarios acordada polo Pleno. Como resultado do traballo efectuado non se detectaron incidencias significativas.

### **4.2. Persoal funcionario**

Seleccionouse unha mostraxe de funcionarios que están en nómina a 31 de decembro de 2000 e a 31 de decembro de 2001, en función dos distintos grupos de clasificación e de acordo coas retribucións dos mesmos.

Verificouse que os conceptos retributivos percibidos axústanse ó disposto no artigo 1 do RD 861/1986. Non obstante, as pagas extraordinarias, incumpren os artigos 2.2 do RD 861/1986 e 23.2,c) da Lei 30/1984, ó incluír retribucións básicas e os complementos de destino e específico.

Os importes retidos a conta da liquidación do IRPF adecúanse á normativa establecida na materia. As cotizacións sociais detraídas das nóminas correspóndense tamén coas cantidades que proceden.

Analizáronse as retribucións dunha mostraxe de 25 funcionarios con obxecto de comproba-lo disposto nos artigos 21, 23 e 27 da LPXE para o exercicio 2001, que sinalan un incremento retributivo do 2%. Verificouse que as retribucións totais percibidas durante este exercicio experimentaron un incremento medio do 7,20% respecto ás do ano 2000. Analizadas individualmente estas retribucións, destácase o seguinte:

- O complemento específico de tódolos funcionarios experimentou un incremento medio de, polo menos, 2.096 pesetas no mes de abril de 2001. Consolidouse como consecuencia da paga de produtividade para a mellora e rendemento dos servizos públicos, aboada en aplicación do acordo Administración-Sindicatos de 24 de setembro de 1999. Polo tanto, este incremento respecta o disposto na LPXE para o exercicio 2001.
- Non obstante, incrementouse o complemento específico de determinados funcionarios por encima do 2% previsto no artigo 27.1 da LPXE para o exercicio 2001, sen que se efectuara con carácter previo a valoración técnica do posto do traballo esixida no artigo 4.2 do RD 861/1986.
- 2
- Tamén se observou a reclasificación de diversos postos de traballo nos que se incrementou o complemento de destino e específico, con aumentos superiores ó 2% previsto na LPXE, sen que as persoas que ocupan os mencionados postos varíen esencialmente as funcións que viñan desempeñando.

En consecuencia, os tres últimos acordos incumpren o disposto no artigo 21.4 da LPXE para o 2001.

---

<sup>2</sup> Parágrafo suprimido como consecuencia das alegacións presentadas polo Concello.

Da mostra anterior e coa finalidade de coñecer-la forma de acceso á función pública, seleccionáronse 12 expedientes persoais. Desta análise extraéronse as seguintes conclusións:

- O sistema de acceso á función pública en catro expedientes analizados foi o de concurso-oposición. De acordo co artigo 2 do RD 896/1991, o ingreso na función pública local realizárase con carácter xeral a través do sistema de oposición.
- Nos dous expedientes máis antigos da mostra formalizáronse contratos sen que conste proceso selectivo previo. Trátase da contratación administrativa dun aparelador (ano 1967) e do nomeamento por designación dun subalterno interino (ano 1975).
- Nos expedientes persoais non consta a formalización de recoñecementos de trienios nin a consolidación do grao persoal.
- Comprobouse a concesión dunha semana adicional de vacacións por ter prestado sete anos de servicios ininterrompidos no Concello. Este premio, que se contempla no artigo 28 do Acordo regulador das condicións de traballo do persoal, é contrario ó disposto no artigo 69.1 LFPG sobre vacacións.

#### **4.3. Persoal laboral**

Seleccionouse unha mostra de persoal laboral fixo e temporal que está en nómina a 31 de decembro de 2000 e a 31 de decembro de 2001. En base a mesma se analizaron as retribucións percibidas.

O Acordo Regulador das condicións de traballo do persoal do Concello, aprobado en sesión plenaria de 15 de xuño de 1992, é aplicable, de acordo co establecido no artigo 1, ó persoal laboral. Na práctica, equipáranse as retribucións do persoal laboral ó persoal funcionario, denominándose complemento de centro ó complemento de destino e complemento de actividade ó complemento específico, así como antigüidade por grupo para referirse á antigüidade no Concello, segundo categoría, aplicando o prezo por cada trienio que establece a Lei de Presupostos. Non obstante, estes conceptos retributivos e a súa equiparación ás retribucións dos funcionarios non aparecen recollidos no Acordo regulador nin nos contratos asinados, a excepción do complemento de actividade.

Na mostraxe seleccionada do persoal laboral fixo e temporal constatouse que non percibiron, durante os exercicios 2000 e 2001, retribucións distintas ás mencionadas no parágrafo anterior e a outras establecidas no Acordo Regulador<sup>3</sup>.

Comprobouse que diversos traballadores realizaron máis de 80 horas extraordinarias durante o exercicio 2001, en contra do disposto no artigo 35.2 do Estatuto dos Traballadores.

Non se detectaron incidencias significativas nas detraccións para cumprir coas obrigas coa Seguridade Social e nas retencións do IRPF.

Analizouse o incremento retributivo experimentado por unha mostra do persoal laboral, con obxecto de comproba-lo cumprimento dos artigos 21 e 24 da LPXE para o exercicio 2001, que sinalan un incremento retributivo do 2%. A mostra elixida ascende a 18 traballadores e as retribucións totais percibidas polos mesmos durante o exercicio 2001 experimentaron un incremento do 5,36% respecto ás do 2000. Se ben o artigo 24 da LXPE establece un crecemento global do 2% para a masa salarial do persoal laboral analizado en termos homoxéneos, a análise efectuada sobre a mostra permítenos concluír que ese incremento global se produce por encima de porcentaxe. Analizados individualmente cada concepto retributivo observouse que o “complemento de actividade” se incrementa por encima do 2% como consecuencia de consolidar dentro deste complemento a paga de produtividade para a mellora e rendemento dos servizos públicos, aboada en aplicación do acordo Administración-Sindicatos de 24 de setembro de 1999. Polo tanto dase cumprimento o disposto na LPXE para o exercicio 2001<sup>4</sup>.

Seleccionáronse 6 expedientes de persoal laboral fixo e 6 de persoal laboral temporal, examinando a súa situación laboral e contractual no Concello. Da análise dos mesmos extraéronse as seguintes incidencias:

---

<sup>3</sup> Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións presentadas polo Concello.

<sup>4</sup> Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións presentadas polo Concello.

### ***Persoal laboral fixo***

Nun dos seis expedientes analizados non consta ningún documento relativo á superación dun proceso selectivo con carácter previo á adquisición da condición de persoal laboral fixo, que garanta o cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade desenvolto nos artigos 91 e 103 da LRBRL e 177 del TRRL.

Outro expediente corresponde a un traballador da empresa que prestaba o servizo de recadación ó Concello ata novembro de 1987. Tras cesar a mesma no exercicio desas funcións, a Corporación fáiase cargo dos traballadores mediante acordo plenario de 7 de novembro de 1987, converténdoo en persoal laboral fixo sen que medie proceso selectivo ningún e sen asinar o correspondente contrato. Mediante este proceso irregular convertéronse en persoal laboral fixo a 48 traballadores.

Detectáronse outros incumprimentos dos principios que deben rexer a contratación de persoal por parte da administración, derivados da inexistencia de procesos selectivos con carácter previo á sinatura de contratos laborais temporais, anteriores á condición de persoal laboral fixo.

### ***Persoal laboral temporal***

En cinco dos expedientes seleccionados, non consta documentación ningunha relativa á superación de procesos selectivos con carácter previo á formalización dos sucesivos contratos laborais temporais ou prórrogas dos mesmos. Non se acredita pois, o cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade, antes mencionados. Son contratacións irregulares que vulneran o procedemento legalmente establecido para a selección do persoal ó servizo das Corporacións Locais.

Os contratos de obra ou servizo determinado correspondentes a cinco dos expedientes seleccionados, establécense cunha duración certa. Este feito incumpe o disposto no artigo 2.1 do RD 2720/1998, de acordo co cal este tipo de contratos, a pesar de ter unha duración determinada, esta será incerta e se estenderá en tanto dure a obra ou o servizo. En todo caso, o termo fixado no contrato débese considerar de carácter orientativo. Unha vez rematado o prazo de duración establecido autorízase a continuidade do contrato por Providencia de Alcaldía-Presidencia, cando esta prórroga non está

contemplada, pola súa propia natureza, no artigo 15 do Estatuto dos traballadores e no artigo 2 do RD 2720/1998 que desenvolve o mesmo. As prórrogas dos contratos de obra ou servicio analizados son numerosas, normalmente por períodos de seis meses ou un ano, e non se documentan en ningún contrato novo ou modificación do anterior.

A modalidade do contrato laboral empregada con carácter habitual é a de obra ou servicio determinado. Na totalidade dos expedientes seleccionados o traballador presta servicios con estes contratos durante varios anos, polo que é evidente a non eventualidade das funcións que desempeña, requisito indispensable para optar pola modalidade de contrato de obra ou servicio, previsto no artigo 15.1 do Estatuto dos Traballadores e no RD 2720/1998. Na práctica, o contrato convértese en indefinido mediante o uso da modalidade de obra ou servicio que se prorroga anual ou semestralmente, feito prohibido expresamente no artigo 9.3 da Lei 4/1988 da Función Pública de Galicia. A provisión destes postos de traballo débese realizar mediante persoal laboral fixo ou funcionario a través dos procedementos previstos legalmente.

Nun expediente noméase, por Resolución de Alcaldía-Presidencia de 19 de decembro de 2002, funcionario interino sen que medie ningún proceso selectivo, incumprindo o disposto na Disposición Adicional Primeira do RD 896/1991. Este nomeamento prodúcese no marco do proceso de consolidación de emprego temporal, de acordo co cal os traballadores laborais temporais que desempeñen ó longo do tempo funcións con carácter permanente na institución son nomeados funcionarios interinos e posteriormente se inclúen as prazas na oferta de emprego público de 2001 para a súa cobertura polo procedemento establecido regulamentariamente. Este proceso afecta a 66 traballadores que se atopan en idéntica situación á do expediente analizado. Resolver esta situación irregular (contratos temporais que non responden a necesidades particulares senón permanentes), constitúe un feito positivo, pero o procedemento víciase cando se lles nomea funcionarios interinos sen que medie proceso selectivo.

En dous expedientes analizados os traballadores manteñen diversos contratos de obra ou servicio coa Corporación durante máis de 10 anos, ata que adquiren a condición de funcionarios nun concurso-oposición donde os servicios prestados teñen unha valoración determinante para a adxudicación da praza.

En ningún caso se motivou a urxencia ou necesidade que aconsellen a contratación temporal e que esixe o artigo 9.3 da Lei 4/1988 da Función Pública de Galicia.

### ***Subvencións e convenios para contratación de persoal***

Solicitouse unha certificación de convenios e subvencións recibidas nos anos 2000 e 2001 relacionados con gastos de persoal. O traballo de revisión efectúase sobre dúas subvencións concedidas pola Consellería de Familia. Unha, para realización de actividades de orientación de busca de emprego, outorgada no ano 2000 e que se concedeu de novo no exercicio 2001. Outra, para actividades de fomento do emprego e dinamización económica do territorio, que se concedeu no ano 2000 e tamén no 2001. Como resultado do traballo realizado destácanse as seguintes incidencias:

Ó abeiro das subvencións concedidas nos anos 2000 e 2001 para realización de actividades de orientación de busca de emprego, contratáronse dous Técnicos orientadores laborais. Con anterioridade, estas persoas foran contratadas para este tipo de actividades, a través de sucesivos contratos, desde o día 11 de setembro de 1996. Comprobase que estas mesmas persoas volveron a ser contratadas nos anos 2002 e 2003, acolléndose tamén a esta subvención. O procedemento selectivo previo á contratación inicial destes traballadores, realizouse mediante convocatoria pública en prensa (anuncio en “*La Voz de Galicia*” de data 21 de xuño de 1996). A selección de candidatos realizouse por unha Comisión mixta INEM-Concello mediante valoración de currículo, memoria e entrevista persoal. Para os sucesivos contratos non se realizaron procesos selectivos, polo que se incumpriu o disposto nos artigos 91 e 103 da LRBRL e 177 do TRRL. Os contratos formalizados por estes dous traballadores foron de obra ou servizo determinado. Non obstante, se evidencia a permanencia no tempo de ditos traballadores, desvirtuando así a natureza deste contrato.

Mediante a subvención para actividades de fomento de emprego e dinamización económica do territorio, concedida no ano 2000, contratouse a un técnico local de emprego por un período dun ano. O sistema de selección, de acordo coa orde reguladora da subvención, consistiu na presentación dunha oferta xenérica de emprego ante o Servicio Galego de Colocación e na posterior valoración de méritos por unha Comisión formada ó efecto. A Consellería de Familia concedeu unha nova subvención no ano 2001 para a

prórroga da contratación do técnico, segundo a Orde de 23 de agosto de 2001, polo que este traballador continuou prestando servizos ata o día 25 de decembro de 2002. Verificouse que esta persoa volveu a ser contratada no ano 2003 con esta mesma subvención. Polo tanto, se incumpren os artigos 91 e 103 da LRBRL e 177 del TRRL. Ademais, prorrogouse durante todo este período a contratación do mesmo traballador, utilizando contratos de obra ou servizo determinado, prórroga que non contempla o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores e o artigo 2 do RD 2720/1998, que o desenvolve.

#### **4.4. Anticipos, gratificacións, productividade e indemnizacións por razón do servizo**

##### ***Anticipos***

Realizouse unha análise dos anticipos reintegrables pagados no ano 2001 a persoal do Concello. Como resultado das probas efectuadas detectáronse as seguintes incidencias:

O artigo 15 do Acordo negociado de condicións de traballo do persoal, establece que poderán concederse anticipos por importe máximo de catro mensualidades, non podendo supera-la cantidade de 750.000 pesetas a reintegrar nun máximo de corenta meses.

A normativa vixente contida no Real Decreto Lei 2608/1929, de 16 de decembro, establece que a contía dos anticipos reintegrables será do importe dunha ou dúas pagas do seu haber líquido, cando se necesiten para atender necesidades urxentes (artigo 1) e non comprenderá retribucións complementarias (artigo 2). O reintegro, sen interese, producirase nos seguintes 10 meses cando se trate dunha paga, ou de catorce cando se trate de dúas mensualidades.

Polo anterior, o acordo regulador incumpre as normas contidas na lexislación aplicable sobre anticipos. Ademais, comprobouse que dos 237 expedientes de anticipos concedidos no ano 2001, o 21% (49 expedientes), foron por importe de 750.000 pesetas a devolver en corenta mensualidades, importe e prazo de devolución máximo regulados no convenio, pero que incumpren a normativa de aplicación. A Intervención Xeral informou desfavorablemente este réxime de anticipos.

### **Gratificacións**

Analizouse unha mostra das obrigas recoñecidas netas rexistradas no subconcepto 151.00 durante o exercicio 2001 por importe de 32.117.713 pesetas, o que supón o 46,28% do total.

Recoñécense nesta partida obrigas por productividades pagadas que se deberan imputar orzamentariamente ó subconcepto 150.00. Así mesmo, se inclúen as horas extraordinarias aboadas ó persoal laboral que se deberán imputar segundo a súa natureza, fixo ou temporal, ós conceptos 130 ou 131 respectivamente, de acordo co disposto na Orde do Ministerio de Economía e Facenda de 20 de setembro de 1989 pola que se establece a estrutura dos presupostos das entidades locais.

Durante o exercicio 2000 e os tres primeiros meses do exercicio 2001 aboáronse gratificacións sen constar no expediente a autorización previa do concelleiro delegado en materia de persoal para a realización dos traballos fóra da xornada laboral, tal como establece o artigo 10.1 do Acordo regulador das condicións de traballo do persoal ó servizo do Concello. En ningún caso se establece no expediente o xeito de valoración dos servizos extraordinarios prestados.

No seguinte cadro reflíctense os cinco servizos ou departamentos da Corporación en donde se realizaron máis horas fóra da xornada normal de traballo durante o exercicio 2001:

Servicio	Número de horas totais do servicio	Número de persoas que realizaron horas fóra da xornada normal no exercicio 2001	Horas por persoa durante o exercicio 2001
Urbanismo	4.141	17	243,5
Talleres e Parque Móbil	8.652	36	240,3
Infraestructuras	10.088	47	214,6
Policía Local	24.528	142	172,7
Economía	4.431	34	130,3

Aínda que a lexislación para funcionarios non establece un límite á realización de horas fóra da xornada normal de traballo, sería recomendable, dado o número elevado de horas extraordinarias realizadas nestes servicios, o estudo por parte das autoridades municipais da creación de novas prazas na plantilla e a dotación de efectivos, ou ben a súa reordenación para axusta-la plantilla ás necesidades reais da Corporación.

### **Productividade**

Analizouse unha mostra das obrigas recoñecidas netas rexistradas no subconcepto 150.00 durante o exercicio 2001 por importe de 63.931.890 pesetas, o que supón o 86,90% do total.

Da análise dos documentos contables e a xustificación documental soporte dos mesmos, extraéronse as seguintes conclusións:

O 14 de novembro de 2001 recoñécense obrigas por 58.994.634 pesetas correspondentes ó reparto anual da produtividade prevista no artigo 13 do Acordo Regulador, segundo o cal o fondo previsto no Presuposto para este concepto repartirase en función da asistencia ó traballo (70% do fondo) e en función de diversos factores (30%). Como resultado deste reparto no exercicio 2001 asignanse a cada traballador cantidades fixas, penalizando o absentismo con descontos.

O persoal adscrito a órganos de goberno percibe mensualmente unha remuneración fixa en concepto de produtividade. Por providencia da Alcaldía-

Presidencia determináanse as persoas que perciben esta remuneración e o importe mensual da mesma.

Finalmente distribúense determinadas cantidades, concedidas por Providencia da Alcaldía-Presidencia, en función dos obxectivos cumpridos nos distintos servicios.

Este reparto da produtividade anual conforme ós criterios establecidos no artigo 13 do Acordo Regulador e as cantidades fixas percibidas mensualmente polo persoal adscrito os órganos de goberno, incumpre o disposto nos artigos 23 da Lei 30/1984 e 5 do RD 861/1986, de acordo cos cales os criterios para o reparto da produtividade serán o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese ou iniciativa con que o funcionario desenvolve o seu traballo. Polo tanto, esta retribución ten un carácter subxectivo ou individual que implica a valoración diferenciada do traballo de cada funcionario, feito que non se produce no Concello ó asignar cantidades fixas.

### ***Indemnización por razón de servicio***

Seleccionouse unha mostra de 10 expedientes de perceptores de dietas (subconcepto 230.01) e gastos de locomoción (231.01) do exercicio 2001. Tamén se revisou en 11 expedientes o abono de asistencias pola participación en tribunais de oposición (subconcepto 233.04). Como resultado das probas realizadas detectáronse as seguintes incidencias:

Verificouse, a través dos expedientes da mostra, que o Concello aboou axudas económicas para complementar o importe das dietas. Estas axudas foron de 1.200 pesetas para os funcionarios dos grupos A e B; de 2.100 pesetas, para os do grupo C; e de 2.900 pesetas para os restantes grupos, todo iso de conformidade co artigo 11 do Acordo regulador. Polo anterior, superáronse os importes establecidos no RD 236/1988, e incumpriuse o disposto no artigo 8.2 do RD 861/1986, donde se determina que as indemnizacións por razón de servicio a persoal da Administración Local serán as mesmas que correspondan ó persoal da Administración do Estado. Este exceso nas indemnizacións, ademais do incumprimento sinalado, podería orixinar continxencias de tipo fiscal, ó non se practicar retencións por IRPF.

Detectouse a contabilización incorrecta na partida de asistencias a tribunais de dúas facturas por importe de 383.001 pesetas, que pola natureza do gasto

(alugamento e transporte de cadeiras, colocación, etc. en proceso selectivo de auxiliares administrativos) deben imputarse ó artigo 22 “material, subministración e outros”.

Rexistrouse o día 26 de febreiro de 2001 o pago de asistencias a tribunais de oposición do ano 2000, incumprindo o principio de anualidade orzamentaria regulado no artigo 157.1 LRHL. A suma destes gastos ascendeu a 712.678 pesetas. Ademais, na mostra analizada verificouse tamén, que se aboaron incorrectamente asignacións a tres vocais de selección dos postos de Técnico de organización e innovación tecnolóxica e Técnico medio de control de xestión, ó percibir asignacións correspondentes a categoría de presidente e secretario de tribunal. O importe total pagado en exceso é de 3.051 pesetas.

O Concello regulou un procedemento para xustifica-los gastos de dietas e locomoción na base número 12 de execución do Orzamento de 2001, de acordo co cal, se expedirán ordes de pago a xustificar a favor da correspondente habilitación, para o seu ingreso nas contas correntes abertas en institucións bancarias para “pagos a xustificar”. Todo isto, ó abeiro do acordo da Comisión de goberno do 19 de novembro de 1990 e Providencia da Alcaldía de 8 de abril de 1991. Os perceptores destas ordes, deberán xustificar a aplicación das cantidades recibidas no prazo máximo de tres meses, non podéndose expedir novas ordes de pago “a xustificar” polos mesmos conceptos orzamentarios en tanto existan cantidades pendentes de xustificación.

A este respecto, realízanse as seguintes consideracións:

O sistema utilizado polo Concello é semellante ó establecido nos artigos 171.1 e 171.2 da LRFL e 69 e seguintes do RD 500/1990, para os “pagos a xustificar”, mentres que de acordo cos artigos 171.3 da LRFL e 73 e 74 do RD 500/1990, as provisións de fondos que se realicen a habilitacións con carácter permanente para o pago de gastos periódicos e repetitivos, como son as dietas e os gastos de locomoción, son considerados “anticipos de caixa fixa” e articúlanse a través de operacións extraorzamentarias, sen prexuízo das retencións de crédito que se realicen, quedando obrigado o perceptor de tales provisións a súa xustificación no exercicio orzamentario no que se concedeu o anticipo.

Independentemente do anterior, a xustificación non se realiza de acordo co previsto na normativa legal e na Base de execución citada, xa que se expiden

novas ordes de pago a xustificar antes de que se xustifique totalmente a anterior.

<b>DIETAS DE PERSOAL (230.01). En pesetas.</b>		
<b>Data de libramento ó habilitado</b>	<b>Importe</b>	<b>Importe pendente de xustificar do libramento anterior</b>
18/01/01	1.000.000	
19/03/01	1.000.000	251.775
15/06/01	1.000.000	95.773
3/08/01	500.000	318.188
25/10/01	1.000.000	2.601
7/12/01	500.000	138.535

<b>GASTOS DE DESPRAZAMENTO (230.01). En pesetas.</b>		
<b>Data de libramento ó habilitado</b>	<b>Importe</b>	<b>Importe pendente de xustificar do libramento anterior</b>
18/01/01	1.000.000	
19/03/01	1.000.000	169.735
2/04/01	1.000.000	23.288
15/06/01	500.000	444.743
6/08/01	500.000	439.907
25/10/01	1.000.000	270.676
7/12/01	1.000.000	293.875

#### **4.5. Incidencias tributarias e de seguridade social**

Circularizouse á Axencia Tributaria e á Tesourería Xeral da Seguridade Social, ós efectos de verifica-las obrigas de índole fiscal e social.

A Axencia Tributaria informou que non existen débedas pendentes de cobro en voluntaria nin executiva. En relación co IRPF nos anos 2000 e 2001 a AEAT indica que figuraba unha débeda que fora dada de alta o 14 de maio de 2002, por importe de 23.660.879 pesetas (142.204,75€), derivada de Actas de Inspección polo concepto de Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas do período 1997-1999. Dita débeda, sinala a Axencia Tributaria, cancelouse por ingreso do día 3 de xuño de 2002. Segundo informa a Tesourería Xeral, o Concello non ten pendente de ingreso ningunha reclamación por débedas xa

vencidas coa Seguridade Social polos códigos de conta de cotización principais e secundarios a seu nome.

#### **4.6. Procesos xudiciais relacionados co persoal**

- Solicitouse unha certificación relativa a litixios pendentes de resolución en materia de persoal, a través da cal, se tivo coñecemento da denuncia presentada polo Concello no ano 2003 contra unha funcionaria por falsidade e malversación. Durante o transcurso do traballo de campo de esta fiscalización (febreiro, 2004), o Concello informou que o expediente se encontra en situación de dilixencias previas no xulgado de Instrucción número 1 de A Coruña. Informouse tamén que o Concello presentou denuncia ante o Tribunal de Contas que dictou Auto, con data 14 de novembro de 2003, dando traslado das actuacións ante a Sección de Enxuízamento para nomear Delegado Instructor.
- Por resolución da Alcaldía de data 16 de abril de 2003, a funcionaria municipal encóntrase en suspensión provisional. Situación que se estende por outra resolución de 12 de decembro de 2003, ata que recaia resolución definitiva no procedemento penal no que figura imputada.

## **5. CARGOS ELECTOS**

A Corporación constitúese o 3 de xullo de 1999 tras as eleccións municipais de 13 de xuño do mesmo ano. Constitúese con 27 concelleiros dos que 12 ostentan dedicación exclusiva, 4 dedicación parcial con sinatura e 6 dedicación parcial sen sinatura. Así mesmo, catro concelleiros perciben retribucións por asistencias a órganos colexiados, mentres o alcalde non percibe ningunha retribución polo exercicio do seu cargo.

Por Providencia da Alcaldía de 5 de xullo de 1999 establécense os membros da Comisión de goberno que ascenden a nove.

En acordo plenario de 9 de xullo de 1999, a proposta da Alcaldía, créanse tres comisións informativas: de honores e distincións, de contas e asuntos económicos e de asuntos xerais.

O Concello estrutúrase en seis áreas de xestión ó fronte das cales encóntrase un concelleiro coordinador e do que dependen un ou varios concelleiros delegados: alcaldía e medioambiente; facenda e interior; urbanismo; benestar e cultura; infraestructuras e equipamento e seguridade cidadán.

O réxime de delegacións non se axusta ó disposto no artigo 23.4 da LRBRL e 43 do ROF, de acordo cos cales o alcalde pode delegar o exercicio de determinadas atribucións (delegacións xenéricas), nos membros da Comisión de Goberno e tamén poderá delegar en calquera concelleiro (delegacións especiais) para a dirección e xestión de determinados asuntos, delimitados no artigo 43.5 do ROF. En Providencia de 6 de xullo de 1999, outórganse competencias en varias materias a concelleiros delegados que non son membros da Comisión de goberno, excedendo o establecido nos artigos 43.5 do ROF e 18 do Regulamento Orgánico Municipal.

### **5.1. Retribucións**

En acordo plenario de 9 de xullo de 1999, determínase o réxime de retribucións dos cargos electos con dedicación exclusiva ou parcial co seguinte desglose:

Cargo	Retribucións segundo o acordo do Pleno
Alcalde *	1% máis que a retribución máis alta percibida no Concello
Concelleiros delegados con dedicación exclusiva	Equipárase ó nivel 29 en réxime de dedicación exclusiva, 14 pagas
Concelleiros delegados con dedicación parcial e delegación de sinatura	325.000 pesetas, 14 pagas
Concelleiros delegados con dedicación parcial e sen delegación de sinatura	225.000 pesetas, 14 pagas

\* En caso de percibir retribucións.

O incremento retributivo experimentado durante os exercicios 2000 e 2001 foi un 2% anual, para os membros con dedicación exclusiva, mentres que para os cargos electos con dedicación parcial se manteñen as mesmas retribucións. Comprobouse que nos exercicios fiscalizados, as retribucións percibidas polos membros da Corporación con dedicación exclusiva axústanse ó disposto no acordo do Pleno.

Do cruce da información obtida do libro maior da conta 6100 “Altos Cargos” coas obrigas recoñecidas imputadas no concepto 100 “remuneracións básicas e outras remuneracións altos cargos”, que figuran na liquidación do presuposto do exercicio 2001, non se detectou ningunha incidencia.

Entre a información facilitada polo Concello non consta o cumprimento do requisito de publicación no BOP das retribucións dos cargos con dedicación exclusiva ou parcial, así como as indemnizacións e asistencias a órganos de goberno, tal como dispón o artigo 75.5 da LRBRL modificado pola Lei 14/2000 de 29 de decembro.

## 5.2. Indemnizacións dos cargos electos

As indemnizacións percibidas polos membros corporativos rexístranse no artigo 100 “Remuneracións básicas e outras remuneracións de altos cargos”, mentres que de acordo coa Orde do Ministerio de Economía e Facenda de 20 setembro de 1989 débese imputar ó artigo 23 “Indemnizacións por razón de servicio”.

As indemnizacións por asistencias a órganos colexiados establécense polo Pleno en sesión de 9 de xullo de 1999. Resúmense no seguinte cadro:

Órgano Colexiado	Acordo Plenario (pesetas)	Límite de asistencias ó mes
Sesións do Pleno	50.000	Dúas
Sesións de Comisións informativas	25.000	Dúas

Analizáronse as cantidades percibidas por asistencias a órganos Colexiados durante o exercicio 2001. Non se detectaron incidencias significativas.

Verificouse a correcta detración das retencións do IRPF, xa que de acordo co establecido no artigo 16.2,b), as retribucións percibidas polos cargos electos por asistencias a órganos Colexiados son rendementos íntegros do traballo suxeitos a retención.

As dietas e gastos de locomoción dos membros da Corporación retribúense de acordo co establecido no Acordo Plenario de 9 de xullo de 1999. Estes gastos encóntranse rexistrados nos subconceptos 230.00 e 231.00 da liquidación do presuposto respectivamente. Analizouse unha mostra que representa o 52,9% das obrigas recoñecidas a 31 de decembro de 2001 no subconcepto 230.00 e o 66,6% das obrigas recoñecidas á mesma data no subconcepto 231.00, detectándose as seguintes incidencias:

- Ó igual que para as dietas e gastos de locomoción do persoal ó servizo da Corporación, analizados no epígrafe 4.4 deste informe, utilízase o sistema de “pagos a xustificar” para o abono deste tipo de gastos, cando se debería articular-lo pago e xustificación dos mesmos a través do sistema “de anticipos de caixa fixa”. Así mesmo, a xustificación total dos libramentos por parte do habilitado prodúcese unha vez transcorridos os tres meses que como máximo se establecen na base número 12 de execución do presuposto e líbrase un novo pago antes de que se xustifique totalmente o anterior, tal como se establece nos seguintes cadros:

**230.00, Dietas de cargos electos**

<b>Data de libramento ó habilitado</b>	<b>Importe</b>	<b>Importe pendente de xustificar dos libramentos anteriores (en pesetas)</b>
18/01/01	2.000.000	
9/05/01	2.000.000	15.346
17/07/01	2.000.000	393.738
22/10/01	2.000.000	2.024.940
13/12/01	500.000	2.099.160
Reintegro de saldo a 21/12/01	2.460.435	

**231.00, Gastos de desprazamento de cargos electos**

<b>Data de libramento ó habilitado</b>	<b>Importe</b>	<b>Importe pendente de xustificar dos libramentos anteriores (en pesetas)</b>
19/01/01	2.000.000	
9/05/01	2.000.000	896.776
22/10/01	2.000.000	1.568.564
13/12/01	3.000.000	1.166.649
Reintegro de saldo a 21/12/01	2.927.199	

- Non se puído relacionar directamente a xustificación aportada cos documentos contables solicitados.

As remuneracións por asistencias a tribunais de selección recóllense no subconcepto 233.01, do que se analizaron un 64,17% do total das obrigas recoñecidas a 31 de decembro de 2001, sen que se detectaran incidencias significativas.

## 6. PROCEDEMENTOS SELECTIVOS

As ofertas de emprego público dos exercicios 2000 e 2001, publicadas respectivamente no BOE o 17 de outubro de 2000 e o 11 de outubro de 2001, ofertan un total de 212 prazas, das cales foron convocadas 145 prazas, de acordo co seguinte desglose:

OFERTA DO EXERCICIO 2000		CONVOCADAS		OFERTA DO EXERCICIO 2001		CONVOCADAS	
Funcionarios	PLF	Funcionarios	PLF	Funcionarios	PLF	Funcionarios	PLF
60	0	39	0	151	1	102	1

*\* As prazas non convocadas na oferta do exercicio 2000 inclúense na oferta do exercicio 2001*

Seleccionouse unha mostra dos procesos selectivos correspondentes a oferta de emprego público do ano 2000 e 2001 con obxecto de analiza-las bases da convocatoria, así como o desenvolvemento do proceso selectivo. Así mesmo, analizouse unha oposición que procede da oferta do ano 1998 e que se realizou durante os anos 2000 e 2001. As prazas analizadas foron as seguintes:

Descrición da praza	Prazas convocadas	Categoría	Oferta de emprego público
Técnico Medio de avaliación de programas	1	Funcionario	1998
Técnico auxiliar de residuos sólidos	2	Funcionario	2000
Gardas da policía local	15	Funcionario	2000
Técnico superior de museos científicos	2	Funcionario	2001
Oficiais conductores	4	Funcionario	2001
Bombeiros	9	Funcionario	2001

Tamén é obxecto da análise a provisión dun posto de traballo por concurso de méritos dos convocados no exercicio 2000.

Con obxecto de analiza-las bases de convocatoria, así como o desenvolvemento do proceso selectivo correspondente, seleccionáronse os seguintes expedientes de persoal laboral temporal:

Descrición	Número de prazas convocadas	Categoría
Sociólogo	1	PLT
Auxiliar administrativo	3	PLT
Técnico medio de mantemento	1	PLT
Técnico superior de promoción de emprego	1	PLT
Arquitecto técnico	1	PLT
Técnico superior casa das ciencias	1	PLT

## 6.1. Funcionarios

### *Técnico medio de avaliación de programas (1 praza)*

O sistema selectivo elixido polo Concello é o de oposición libre. Esta convocatoria constitúe un desenvolvemento da oferta de emprego público para 1998, aprobada polo Pleno da Corporación o 9 de marzo do mesmo ano (BOE 138, de 10 de xuño de 1998), que se rexe pola convocatoria unitaria de 1988 (BOP 104, de 9 de maio) e polas bases específicas publicadas no BOP 211, de 13 de setembro de 2000.

### *Técnicos auxiliares de residuos sólidos (2 prazas)*

O sistema de acceso á función pública previsto tamén é o de oposición libre. En sesión de 23 de febreiro de 2001, a Comisión de Goberno aprobou as bases da convocatoria destas prazas. Publicáronse no BOP 56, do día 9 de marzo de 2001. Por acordo da Comisión de Goberno do 20 de abril de 2001, modificouse a base 3 desta convocatoria, no sentido de esixir exclusivamente como requisito o posuír a titulación de Formación Profesional de 2º Grao, excluindo Bacharelatos Superiores e equivalentes. A Confederación Intersindical Galega (CIG), interpuxo recurso contencioso-administrativo, solicitando a suspensión da execución do acto recorrido, que a Sala do Contencioso, con data de 27 de setembro de 2001 denegou.

### *Gardas da policía local (15 prazas)*

O sistema de selección é o de oposición libre. Verificouse que as bases da convocatoria foron aprobadas o día 4 de maio de 2001 por Comisión de Goberno publicadas no BOP 114 do día 21 de xuño de 2001.

***Técnico superior de museos científicos (2 prazas)***

A convocatoria desta praza constitúe un desenvolvemento da OEP para o ano 2001 (BOE de 11 de outubro), que se rexe pola convocatoria unitaria de 2001, publicada no BOP de 2 de agosto de 2001, número 176 e polas normas específicas aprobadas o día 15 de marzo de 2002 pola Comisión de Goberno (BOP 78, de 06/04/2002).

***Oficiais conductores (4 prazas)***

A convocatoria desta praza constitúe un desenvolvemento da OEP para o ano 2001 (BOE de 11 de outubro). As bases foron aprobadas pola Comisión de Goberno do día 13 de setembro de 2002 e publicadas no BOP 224, de 28 de setembro dese ano. O sistema de selección é o de oposición libre.

***Bombeiros (9 prazas)***

A regulación completa da convocatoria desta praza establécese na convocatoria unitaria para prazas de funcionarios de carreira do exercicio 2001, e polas bases específicas aprobadas por acordo da Comisión de Goberno do día 1 de febreiro de 2002, (BOP 39, do 16 de febreiro de 2002).

**Incidencias detectadas na análise destes procedementos selectivos:**

- Non consta nos expedientes a publicación no DOG das bases das probas selectivas, requisito establecido no apartado 1 do artigo 6 do RD 896/1991.
- O acceso á función pública previsto en dúas prazas é o de concurso-oposición. Non se motiva nos expedientes a elección deste sistema, que de acordo co artigo 2 do RD 896/1991, deberíase realizar con carácter xeral a través de oposición.

***Convocatoria de provisión de postos de traballo por concurso de méritos***

***Técnico de organización e innovación tecnolóxica***

Por acordo da Comisión de Goberno do día 18 de agosto de 2000, aprobouse a convocatoria para a provisión polo sistema de concurso de méritos dun posto de técnico de organización e innovación tecnolóxica, grupo A, nivel de complemento de destino 24. Como resultado do traballo efectuado non se detectaron incidencias significativas na súa provisión.

## **6.2. Persoal laboral temporal**

### ***Sociólogo***

O acceso a esta praza prodúcese mediante un concurso de méritos entre os candidatos propostos polo INEM a petición da Corporación. No expediente non constan os criterios de selección valorados, unicamente se esixe como requisito ser licenciado en socioloxía e valóranse os coñecementos de inglés, informática, de proxectos europeos e do proxecto IGLOO, pero non se determina a súa valoración.

Unha vez obtida a praza, o candidato asina un contrato de obra ou servicio determinado o 24 de xaneiro de 2000 como técnico superior, con duración vinculada á subvención outorgada (proxecto IGLOO, financiado pola Consellería de Servicios Sociais).

O 29 de xuño de 2001 contrátaselle, tras superar un novo concurso de méritos, para desenvolver o proxecto “observatorio urbano de A Coruña”. A modalidade contractual elixida é de novo a de obra ou servicio determinado e a súa duración ata a finalización do mesmo (estímase dous anos). Por Providencia da Alcaldía-Presidencia de 24 de xuño de 2003, autorízase a continuidade do contrato por un período de outros dous anos, ata o 1 de xullo de 2005.

### ***Auxiliar administrativo***

O proceso de selección consistiu en acudir ás listas das últimas oposicións celebradas para a cobertura en propiedade das prazas de auxiliares administrativos e seleccionar a primeira persoa que apareza nas mesmas e que non obtivera praza en propiedade. O 1 de marzo de 2000 asina un contrato laboral de interinidade para suplir a outra traballadora de baixa por maternidade. O 7 de abril do mesmo ano finaliza este contrato.

Polo mesmo procedemento selectivo que no do contrato anterior, selecciónaselle para un contrato na modalidade de eventual por circunstancias da produción, que asina o 11 de abril de 2000 cunha duración de seis meses.

Sen que medie ningún proceso selectivo, asina o 12 de outubro de 2000 un novo contrato de obra ou servicio determinado cunha duración prevista ata o 12 de abril de 2001. Posteriormente se prorroga a súa duración ata o 31 de decembro de 2001.

#### **Auxiliar administrativo**

O proceso de selección consistiu en acudir ás listas das últimas oposicións celebradas para a cobertura en propiedade das prazas de auxiliares administrativos e seleccionar a primeira persoa que apareza nas mesmas e que non obtivese praza en propiedade. O 23 de xullo de 2000 asina un contrato laboral de interinidade para suplir a un funcionario de baixa por incapacidade laboral temporal. As baixas do persoal funcionario deben ser cubertas mediante funcionarios interinos, e non persoal laboral temporal, seleccionados a través do oportuno proceso que dé cumprimento ó disposto na Disposición Adicional Primeira do RD 896/1991.

Por falecemento da persoa á que substituía, modificase o seu contrato o 11 de novembro de 2001, establecendo a súa duración en tanto non se provea a praza do modo regulamentario. Á data de realización dos traballos de fiscalización, esta praza non foi convocada para a súa cobertura regulamentaria.

#### **Auxiliar administrativo**

O acceso a esta praza prodúcese mediante un concurso de méritos entre os candidatos propostos polo INEM a petición da Corporación. No expediente non constan os criterios que rexen a selección e a súa valoración. A persoa seleccionada asina un contrato laboral temporal baixo a modalidade de eventual por circunstancias da produción, estendéndose a súa duración ata o 31 de agosto de 2000.

Contrátaselle novamente o 29 de agosto de 2000 cun contrato de obra ou servizo determinado, establecéndose no mesmo unha duración certa, 31 de decembro de 2000. Este contrato non esta precedido de ningún proceso selectivo. Por Providencia da Alcaldía-Presidencia, de 20 de decembro de 2000, autorízase a continuidade do contrato ata febreiro de 2001, momento no que finaliza a relación laboral coa Corporación.

#### **Técnico medio de mantemento**

Para acceder á praza supera un proceso selectivo consistente na valoración do seu currículo e a realización dunha proba práctica. Tras este proceso selectivo asina o 5 de xullo de 2000 un contrato laboral temporal baixo a modalidade de acumulación de tarefas, cunha duración prevista de seis meses.

Ó termo do contrato, sen que medie ningún proceso selectivo, asina un

contrato laboral temporal de interinidade en tanto non se provea a praza polo procedemento legalmente establecido. A praza incluíuse nas ofertas de emprego público de 2000 e de 2001, pero non foi convocada aínda, polo que non está xustificada a urxencia na contratación laboral temporal.

***Economista/Técnico superior de promoción de emprego***

O proceso selectivo utilizado consiste nun concurso de méritos entre os candidatos propostos polo INEM a petición da Corporación en oferta xenérica. Non se determinan con carácter previo os criterios de selección e a valoración dos mesmos. Asina un contrato como economista o 29 de agosto de 2000. A modalidade contractual elixida é o contrato de obra ou servicio determinado e establécese unha duración certa, 31 de decembro de 2000.

Este contrato prorrógase por Providencia da Alcaldía-Presidencia de 20 de decembro de 2000.

Ó finalizar o contrato é nomeado funcionario interino para un posto de Técnico Superior de Emprego, tras superar un concurso-oposición. Á data de realización dos traballos de campo continua como funcionario interino, sen que se teña cuberta a praza polo procedemento establecido regulamentariamente.

***Arquitecto técnico***

Seleccionouse este traballador tras remitir a Corporación unha oferta xenérica ó INEM e realizar un concurso de méritos entre os candidatos propostos polo mencionado organismo. Non se establecen con carácter previo os criterios de selección e a valoración dos mesmos. Tras ser seleccionado, asina un contrato de obra ou servicio determinado o 29 de agosto de 2000 e establécese unha duración do mesmo ata 31 de decembro de 2000.

Mediante Providencias da Alcaldía-Presidencia de 20 de decembro de 2000, 29 de agosto de 2001 e 19 de febreiro de 2002 acórdanse prórrogas do contrato antes mencionado. O 20 de agosto de 2002 é nomeado funcionario interino tras superar un concurso-oposición.

***Técnico superior Casa-Ciencias***

O proceso selectivo, anunciado en prensa, consiste na valoración de méritos e unha entrevista. Na Providencia que ordena a selección, faise referencia ó perfil do candidato, pero non se establecen os criterios e a valoración dos

mesmos. Unha vez superado o proceso selectivo, asina un contrato de interinidade o 30 de maio de 2001, con duración ata a reincorporación efectiva da persoa que substitúe, feito que se produce o 20 de agosto de 2001.

Unha vez analizados os expedientes detéctanse os seguintes incumprimentos:

- Constatouse a existencia de diversos contratos laborais e prórrogas dos mesmos que non están precedidos de procesos selectivos, polo que non se garante o cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade consagrados nos artigos 91 e 103 da LRBRL e 177 do TRRL.
- Nos procesos selectivos desenvolto, consistentes nun concurso de méritos, non se estableceron os criterios e a valoración dos mesmos que rexeran a selección do persoal, o que impide unha resolución fundada e motivada por parte do tribunal de selección.
- Non se motiva na maioría dos expedientes as razóns de urxencia ou necesidade que aconsellan a contratación do traballador con carácter temporal, incumprindo o disposto no artigo 9.3 da Lei 4/1988 da función pública de Galicia.
- A modalidade contractual elixida, con carácter habitual, é o contrato para obra ou servizo determinado, fixándose no mesmo unha duración certa en contra do disposto no artigo 2 do RD 2720/1990. Así mesmo se constatou a existencia de numerosas prórrogas destes contratos cando non están previstas, pola súa propia natureza, no mencionado artigo 2 do RD 2720/1990
- Para desempeñar determinados postos de traballo esta modalidade contractual non é a idónea, dado que o carácter permanente das súas funcións non se axusta á eventualidade deste tipo de contratos, debendo cubrirse os mesmos mediante os procedementos establecidos para funcionarios.

- Existen varios contratos de interinidade, de natureza laboral, previstos no artigo 4 do RD 2720/1998. Estes contratos prevense para a substitución de traballadores con reserva de posto de traballo ou ben para cubrir vacantes de plantilla en tanto non se cubran polo procedemento de selección previsto para as Administracións Públicas. Na data de realizar esta fiscalización, non se cubriron as prazas polo procedemento sinalado regulamentariamente, incumprindo o disposto no artigo 4 do RD 2720/1998. Utilízase así esta modalidade contractual para cubrir necesidades de persoal permanentes con contratos laborais temporais.
  
- En dous expedientes analizados, os traballadores convértense en funcionarios interinos tras superar un concurso-oposición e ata a data de esta fiscalización, non se cubriron polo procedemento legalmente establecido as prazas. Mantense polo tanto nunha situación irregular semellante a do apartado anterior.

## 7. CONCLUSIÓNS

Como consecuencia dos traballos de fiscalización tendentes a verificar o cumprimento da normativa vixente en materia de persoal, observáronse incumprimentos diversos, entre os que destacan os seguintes:

- a) O sistema de acceso á función pública local en 4 dos 12 expedientes persoais analizados é o de concurso-oposición. En 2 expedientes de selección de persoal derivados da oferta de 2001, o sistema de acceso tamén é o concurso-oposición. Segundo o disposto no artigo 2 do RD 896/1991, o ingreso na función pública local realizarase con carácter xeral a través de oposición, salvo para aqueles casos nos que pola natureza das prazas ou funcións a desempeñar sexa máis adecuado o concurso-oposición. Non se motiva no expediente a elección deste sistema. Non consta nos expedientes a publicación das bases das probas selectivas no DOG, en contra do disposto no artigo 6.1 do RD 896/1991.
- b) Detectáronse contratacións de persoal laboral (fixo e temporal) sen que se acredite a realización de procesos selectivos con carácter previo ás mesmas, que garantan o cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade, desenvoltos nos artigos 91 e 103 da LRBRL e 177 do TRRL que deben presidir a selección de todo o persoal ó servicio da Corporación.
- c) Regulouse nun mesmo convenio a persoal funcionario e laboral. O tratamento unitario para ámbolos dous tipos de persoal é contrario o que sinala o Tribunal Supremo en sentenza de 22 de outubro de 1993. Deberíanse constituír dous órganos de negociación e subscribirse os documentos distintos de acordo coas prescricións da Lei 9/1987, de 12 de xuño e o Estatuto dos Traballadores. No convenio establécese a concesión dunha semana adicional de vacacións por ter prestado sete anos de servicios ininterrompidos no Concello, que é contrario ó disposto no artigo 69.1 LFPG sobre vacacións. Por asistencia a cursos ou por motivos de traballo, realizados fóra do municipio, asígnanse axudas económicas non contempladas no RD 236/1988. Ademais, incúmprese as normas contidas na lexislación aplicable respecto ó importe máximo e prazo de devolución dos anticipos.

- d) Por Providencia da Alcaldía-Presidencia de 19 de decembro de 2002, sen que se teña realizado con carácter previo un proceso selectivo que garanta os mencionados principios constitucionais, noméanse funcionarios interinos a 66 traballadores laborais temporais que mantiñan os seus contratos ó longo do tempo desempeñando funcións de carácter permanente reservadas a funcionarios. Este feito vulnera o disposto na Disposición Adicional Primeira do RD 896/1991.
- e) Os contratos laborais temporais subscritos pola Corporación mantéñense, con carácter habitual, ó longo do tempo para cubrir necesidades de carácter permanente, convertíndose na práctica en contratacións de carácter indefinido, feito prohibido polo artigo 9.3 da Lei 4/1988.
- f) Non se estableceron os criterios e a valoración de méritos que rexerán a selección do persoal laboral temporal, o que impide unha resolución fundada e motivada por parte do tribunal de selección, feito que pode dar lugar á arbitrariedade, sancionada no artigo 9.3 da CE.
- g) Verificouse a existencia de numerosas prórrogas en contratos de obra ou servicio determinado cando non están previstas, pola súa propia natureza, no artigo 2 do RD 2720/1990.
- h) Mantéñense no tempo diversos contratos laborais de interinidade, sen que se convoquen as prazas polo procedemento legalmente previsto, incumprindo o disposto no artigo 4 do RD 2720/1990.
- i) Durante o traballo de campo da fiscalización, o Consello de Contas tivo coñecemento dunha denuncia presentada polo Concello no ano 2003 contra unha funcionaria por falsidade e malversación. A funcionaria municipal encóntrase en situación de suspensión provisional ata que recaia resolución definitiva no procedemento penal no que figura imputada. O Tribunal de Cuentas dictou auto de data 14 de novembro de 2003, trasladando as actuacións ante a Sección de Enxuízamento para nomear Delegado instructor, segundo informou o Concello.
- j) Constatouse a percepción de complementos de produtividade en contías fixas e carácter periódico. Incúmprese o disposto nos artigos 23 da Lei 30/1984 e 5 do RD 861/1986, de acordo cos cales os criterios para o reparto da produtividade serán o especial rendemento, a actividade

extraordinaria e o interese ou iniciativa con que o funcionario desempeña o seu traballo.

- k)* Constatouse o pagamento de gratificacións sen que conste a previa autorización de servizos fóra da xornada normal de traballo, tal como sinala o artigo 10.1 do Acordo Regulador das condicións de traballo do persoal ó servizo da Corporación.
- l)* Percibíronse pagas extraordinarias que inclúen retribucións complementarias, incumprindo o disposto no artigo 2.2 do RD 861/1986 e 23.2,c) da Lei 30/1984.
- m)* O elevado número de horas extraordinarias realizadas en determinados servizos denota unha insuficiencia da dotación de efectivos ou unha deficiente distribución dos mesmos.
- n)* O sistema de pagos a xustificar utilizado para o pagamento das dietas e gastos de locomoción non é o adecuado, xa que a Lei prevé para este tipo de gastos o sistema “de anticipos de caixa fixa”. Así mesmo, a xustificación completa de libramentos por parte do habilitado supera os tres meses previstos, librando tamén un novo pago antes de que se xustifique totalmente o anterior, en contra do disposto na Base número 12 de execución do presuposto.
- o)* O Concello non confeccionou a relación de postos de traballo prevista nos artigos 90.2 LRBRL e 126.4 TRRL, nos dous exercicios analizados.
- p)* As ofertas de emprego público dos exercicios 2000 e 2001 apróbanse por acordo da Comisión de Goberno fóra do prazo previsto no artigo 128 do TRRL.



## **8. RECOMENDACIÓNS**

### **8.1. Recomendacións efectuadas neste informe**

En función das incidencias detectadas, o Concello deberá considerar as seguintes recomendacións:

- a) Seleccionar a todo o persoal ó servicio da Corporación dando cumprimento ós principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade, a través dos oportunos procesos selectivos, previa oferta de emprego público.
- b) Reestructurar a plantilla do persoal cubrindo os postos de traballo de actividades de carácter permanente con persoal laboral fixo e no seu caso, con persoal funcionario, a través dos oportunos procesos selectivos convocados ó efecto. Así mesmo, deberá dotar de efectivos aqueles servicios nos que se realizan un elevado número de horas fóra da xornada laboral.
- c) O Concello deberá subscribir de forma independente o acordo regulador de funcionarios e o convenio colectivo para persoal laboral, axustándose as disposicións da Lei 9/1987 e ó Estatuto dos Traballadores.
- d) Cando se teña noticia dun alcance, malversación, dano ou prexuízo a facenda municipal, ademais de instruír as dilixencias previas e adoptar as medidas necesarias para asegurar os dereitos da Entidade, así como poñer en coñecemento ó Tribunal de Cuentas para que proceda segundo as súas competencias e conforme ós procedementos establecidos, recoméndase informar tamén ó Consello de Contas de Galicia.
- e) Adecuar as pagas extraordinarias o disposto no RD 861/1986 e a Lei 30/1984 e respectar os incrementos retributivos previstos na LPXE.
- f) Formalizar contratos de obra ou servicio, exclusivamente para aquelas obras ou servicios que teñan autonomía e substantividade propia dentro da actividade da Corporación, suprimindo a práctica de establecer un termo certo nos mesmos e prorrogalos despois.

- g) O Concello debe elaborar, aprobar e publicar a Relación de Postos de Traballo existentes na súa organización co contido previsto na lei 30/1984.
- h) Regularizar o réxime de delegación de competencias, outorgando delegacións xenéricas só os concelleiros membros da Comisión de Goberno, tal como sinalan os artigos 23.4 da LRBRL e 43 do ROF.
- i) Elaborar e aprobar a Relación de Postos de Traballo cos requisitos esixidos na Lei 30/1984
- j) Establecer o sistema de anticipos de caixa fixa, previsto na Base número 12 de execución do Presuposto, para o pago e xustificación das dietas e os gastos de locomoción.
- k) Establecer un sistema de control das horas extraordinarias realizadas polo persoal da Corporación, para detectar os servizos Modificacións máis necesidades existen e evitar que o persoal laboral realice máis horas das permitidas polo Estatuto dos traballadores.
- l) Na xestión dos gastos de persoal deberanse cumprir tódalas disposicións vixentes na materia.

## **8.2. Análise do cumprimento das recomendacións efectuadas no informe de fiscalización do exercicio 1997**

Analizado o informe de fiscalización do exercicio 1997, observouse que nos exercicios 2000 e 2001 se manteñen os seguintes incumprimentos:

- As pagas extraordinarias inclúen as retribucións complementarias, incumprindo o artigo 2.2 do RD 861/1986.
- O reparto do complemento de produtividade non se axusta ós criterios establecidos nos artigos 23 da Lei 30/1984 e 5 do RD 861/1986.
- As dietas por manutención percibidas polos distintos grupos de funcionarios exceden dos importes fixados no RD 236/1988, como consecuencia da axuda establecida no artigo 11 do Acordo Regulador das condicións de traballo do persoal ó servizo da Corporación.

**ANEXO**



## Estado de gastos

(en pesetas)

Capítulo	Créditos iniciais	Modificacións	Créditos definitivos	Obrigas recoñecidas	Grao execu.	Pagos ordenados	Pagos realizados	P.R/O.R. %
1. Gastos persoal	6.511.489.176	281.683.798	6.793.172.974	6.354.892.817	93,5%	6.322.712.016	6.322.504.752	99,5
2. Gastos bens e servizos	7.566.965.252	1.930.735.753	9.497.701.005	8.489.094.915	89,3%	7.255.929.889	7.255.929.889	85,5
3. Gastos financeiros	949.134.128	-6.000.000	943.134.128	655.216.821	69,5%	520.806.734	520.806.734	79,5
4. Transferencias correntes	2.180.560.124	691.661.839	2.872.221.963	2.734.644.728	95,2%	2.531.134.106	2.531.134.106	92,6
6. Investimentos reais	3.888.633.622	5.349.463.449	9.238.097.071	3.722.340.104	40,3%	2.673.691.647	2.673.691.647	71,8
7. Transferencias de capital	372.510.037	204.422.420	576.932.457	225.800.342	39,1%	202.905.422	202.905.422	89,8
8. Activos financeiros	3.000	135.102.664	135.105.664	120.348.524	89,0%	117.240.524	117.240.524	97,4
9. Pasivos financeiros	2.030.704.661	11.000.000	2.041.704.661	2.041.021.575	100%	1.457.059.877	1.457.059.877	71,4
<b>TOTAL</b>	<b>23.500.000.000</b>	<b>8.598.069.923</b>	<b>32.098.069.923</b>	<b>24.343.359.826</b>	<b>75,8%</b>	<b>21.081.480.215</b>	<b>21.081.272.951</b>	<b>86,5</b>

## Estado de ingresos


(en pesetas)

Capítulo	Previsión inicial	Modificacións	Previsión definitiva	Dereitos recoñecidos	Grao exec.	Recadación	Grao recaud.	Dereitos pendentes
1. Impostos directos	9.666.073.794	0	9.666.073.794	10.361.830.924	107,3%	8.671.901.665	83,7	1.689.929.259
2. Impostos indirectos	700.001.000	0	700.001.000	826.284.281	118,0%	761.249.662	92,1	65.034.619
3. Taxas e outros ingresos	3.807.868.745	914.546.079	4.722.414.824	5.118.369.890	81,5%	4.704.758.362	91,9	413.611.528
4. Transferencias correntes	5.617.000.000	660.676.679	6.277.676.679	5.882.482.590	93,7%	5.841.843.368	99,3	40.639.222
5. Ingresos patrimoniais	320.846.388	0	320.846.388	649.600.176	202,5	327.535.601	50,4	322.064.575
6. Alleamento invest. reais	813.200.073	424.093.873	1.237.293.946	1.263.786.317	102,1%	582.160.362	46,1	681.625.955
7. Transferencias de capital	6.000	407.941.944	407.947.944	109.761.482	29,9%	34.020.276	30,9	75.741.206
8. Activos financeiros	2.000	4.659.967.066	4.659.969.066	118.725.600	2,5%	637.500	0,54	118.088.100
9. Pasivos financeiros	2.575.002.000	1.530.844.282	4.105.846.282	1.483.218.693	36,1	1.483.218.693	100	0
<b>TOTAL</b>	<b>23.500.000.000</b>	<b>8.598.069.923</b>	<b>32.098.069.923</b>	<b>35.814.059.953</b>	<b>80,4%</b>	<b>22.407.325.489</b>	<b>86,8</b>	<b>3.406.734.464</b>




**ALEGACIONES PRESENTADAS POLO CONSELLO E RÉPLICA ÁS MESMAS**





Ayuntamiento de La Coruña  
Concello de A Coruña



Sr. D. Joaquín Álvarez Corbacho  
Conselleiro da Área de Corporación Locais  
Consello de Contas de Galicia  
Domingo Fontán, s/n  
15711 Santiago de Compostela

A Coruña, 26 de abril de 2004


Estimado Sr.:

Recibido con fecha de 5 de abril del presente año el Anteproyecto de Informe de Fiscalización Selectiva de los ejercicios 2000 y 2001, y en atención al plazo concedido al efecto, le adjunto a la presente las pertinentes alegaciones que estima oportuno formular este Excmo. Ayuntamiento.

Quedando a su disposición, reciba un cordial saludo




Francisco Javier Losada de Azpiazu  
Primer Tte. de Alcalde. Coordinador del Área de Hacienda,  
Interior y Promoción Económica



**ALEGACIONES AL ANTEPROYECTO  
DE INFORME DE FISCALIZACIÓN SELECTIVA  
FORMULADO POR EL CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA  
EJERCICIOS 2000-2001**

**ABRIL-2004**



## I. PRELIMINAR

Las presentes alegaciones, con el objeto de facilitar su contraste, siguen, en la medida de lo posible, el orden expositivo que se recoge en el Anteproyecto de informe, aunque en ocasiones agrupan aspectos de una misma materia tratados en puntos diferentes en aras de una mayor claridad temática.

No obstante, en todo momento los diferentes servicios municipales que rinden estas alegaciones están a disposición del Consello de Contas de Galicia para la aclaración y explicación de cuantos datos y actuaciones considere oportunos, siguiendo así las pautas de absoluta transparencia y colaboración desarrolladas durante toda la estancia en las dependencias municipales de los señores auditores del Consello de Contas.

## II. ALEGACIONES

### **1. Al apartado 2.3: Acuerdo Regulator de las Condiciones de Trabajo del Personal al Servicio del Ayuntamiento.**

Este Acuerdo Regulator, aprobado en 1992, se encuentra actualmente en fase de revisión y negociación siguiendo las pautas marcadas por la jurisprudencia recaída en esta materia y reiterada en el Informe de fiscalización.

En la actualidad se está negociando un nuevo Convenio Colectivo exclusivamente para el personal laboral al servicio del Ayuntamiento que deberá diferenciarse de los acuerdos que se suscriban para el personal funcionario.

### **2. Al apartado 3.1: Cuadro de Personal y Relación de Puestos de Trabajo.**

Se indica en el primer párrafo que en la Plantilla de 2000 “no se reflejan las vacantes”. Ni en la legislación estatal (LRBRL y TRRL) ni en la autonómica gallega (L. Admón. Local y L. Función Pública) hay referencia ni obligación legal alguna de reflejar las plazas vacantes de la Plantilla, lo cual no impide para que pueda hacerse así.

En cuanto a la afirmación de que el Ayuntamiento no confeccionó la Relación de Puestos de Trabajo de 2000 prevista en los artículos 90.2 LRBRL y 126.4 TRRL, hay que alegar que no es del todo exacta, puesto que la RPT en vigor actualmente procede del año 1989, con las modificaciones efectuadas por el órgano competente y mediante el procedimiento vigente. Lo que sí es verdad es que el contenido no abarcaba absolutamente todos los aspectos marcados en la legislación entonces vigente.



No obstante, debe señalarse que actualmente está en fase final de elaboración una nueva Relación de Puestos de Trabajo que se adapta a la reciente modificación del artículo 16 de la ley 30/1984, operada por la ley 62/2003, y a las nuevas directrices que en materia de organización dispone la ley 57/2003 para los municipios de gran población.

En el párrafo siguiente se afirma que no existe un único organigrama en la Corporación. Se observa que solamente hay un único organigrama con la estructura organizativa, lo que sucede es que físicamente, y por razones de mera operatividad funcional, el documento está dividido en Áreas. De tal modo que, cuando se produce algún cambio relativo a un puesto de trabajo, no se maneja una representación gráfica de todo el organigrama municipal (60 páginas en la actualidad), sino que solamente se utiliza el organigrama parcial del Área en donde se encuentra ubicado.

También se señala que sólo se incluyen las funciones de los puestos de trabajo en la medida en que estos cambian o se crean nuevos puestos, por lo que no aparecen las características esenciales de todos. Lo que sucede es que cuando hay cambios organizativos solamente se tratan los puestos que se crean nuevos o aquellos que sufren algún tipo de modificación, entendiéndose que los que permanecen igual siguen vigentes en virtud del acuerdo plenario que en su día los configuró.


Téngase en cuenta que, en ocasiones, el cambio organizativo solamente afecta a un puesto de trabajo. Pues bien, y esto implica a lo indicado en los dos párrafos anteriores, no puede pretenderse que el expediente incluya el organigrama de todo el Ayuntamiento y la descripción de todos los tipos de puestos vigentes en ese momento, puesto que estaríamos hablando de un expediente de no menos de 200 páginas. Se modifica lo que corresponda, el resto sigue en vigor mientras que no se modifique.

En los párrafos siguientes de este mismo apartado, pero respecto del año 2001 se efectúan las mismas consideraciones, por lo que valgan también exactamente las mismas alegaciones.

### **3. Al apartado 3.2: Oferta de Empleo Público de los ejercicios 2000 y 2001.**

En lo que se refiere a la Oferta del ejercicio del año 2000, se mencionan el incumplimiento del plazo para efectuar las convocatorias de las plazas ofertadas dicho año, de acuerdo con lo dispuesto en el artículo 5 del RD 896/1991, en combinación con el artículo 29 de la Ley 4/1988 de la Función Pública de Galicia.

El artículo 5 del RD 896/1991 se aplica en combinación con la legislación estatal de carácter básico en materia de Régimen Local, la cual, salvo el plazo de publicación de un mes a partir de la aprobación de los presupuestos, no establece ningún plazo adicional para la celebración de las convocatorias. Además, el artículo 29 de la Ley 4/1988 solamente es aplicable a la Comunidad Autónoma de Galicia, tal y como se deduce de su apartado 1 y, por otro lado, resulta inaplicable lo dispuesto en su apartado 3. Esto último se debe a que el plazo de un mes para la publicación de la OEP del Ayuntamiento, establecido en el artículo 128 del TRRL (que es de aplicación por ser regulación básica del Estado en la materia) depende exclusivamente del momento de la publicación de sus propios presupuestos, y no



respecto de los de la Xunta de Galicia, que es a quien obliga el art. 29 de la Ley 4/1988; en todo caso este precepto invocado de la ley 4/88 se ha visto sustancialmente modificado por la ley del Parlamento de Galicia 3/1995, no recogiendo ya los términos antes expuestos que sirven de base a la observación.

Así, el único plazo que existe respecto de la OEP es el de un mes para su publicación a partir de la aprobación de los presupuestos municipales (art. 128 TRRL), cuyo incumplimiento en los ejercicios 2000 y 2001 es lo único achacable, no habiendo ningún plazo adicional para efectuar las convocatorias de las OEP's de dichos años.

Respecto de la OEP de 2001, además de los incumplimientos imputados al Ayuntamiento en el ejercicio 2000, para lo cual se mantienen idénticas alegaciones, se añade la del incumplimiento del artículo 22 de la Ley 13/2000 de Presupuestos Generales del Estado para el ejercicio 2001, referente a la superación del límite del 25% de la tasa de reposición de efectivos.


Aquí surge una posible incoherencia, puesto que tal y como recoge el Anteproyecto que se alega, la OEP de 2001 incluye todas las plazas no convocadas de las ofertas procedentes de los ejercicios 1997 a 2000, que quedan, por tanto, anuladas. El contexto en que se produce todo esto es el siguiente:

En primer lugar, en el año 2000 se crea el Área de Personal desgajándose de la de Interior, en la que era una Adjuntía. Tal cambio se debió fundamentalmente a la insuficiencia de recursos humanos para hacer frente a las obligaciones encomendadas, de ahí el considerable retraso en las convocatorias de los años anteriores, por lo que se incluyeron en la RPT nuevos puestos de trabajo que permitieran paliar tal situación.

En segundo lugar, la OEP de 2001 incluye todas las plazas ofertadas y no convocadas hasta la fecha desde 1997, con el fin de refundir en un único documento las plazas pendientes, puesto que en numerosas ocasiones ya existían plazas del mismo tipo de años distintos que había que unificar para convocarlas conjuntamente.

Se entiende además que no se supera el 25% de tasa de reposición, como lo prueba el descenso habido en los datos del cuadro de la página 8, pese a que ya en el 2000 se efectuaron numerosas convocatorias de años anteriores. En este sentido, desconocemos el origen del 45% de plazas de nuevo ingreso que cita el Anteproyecto ya que resulta imposible que se incremente el número de plazas en el Ayuntamiento cuando hay una reducción real y efectiva de 10 plazas respecto al año anterior, tal y como se refleja en el cuadro de la página 8.

Es posible que se haya interpretado que esas 150 plazas de la convocatoria 2001 (129 de turno libre + 22 de promoción interna + 1 de laboral fijo) pertenecían exclusivamente a dicho año, lo cual no es correcto puesto que, como ya se ha dicho y aparece recogido en la página 10 del Anteproyecto, pertenecen a una refundición de plazas desde el año 1997.



#### **4. A los apartados 4.2 y 4.3: Personal funcionario y laboral.**

La muestra estadística debe cumplir como condición indispensable el ser representativa de la población sometida a estudio. En el caso que nos ocupa, la muestra de 25 funcionarios utilizada para analizar las retribuciones respectivas, no es tal vez representativa de los 1.300 empleados municipales, por estar muy condicionada por el filtro utilizado en la selección de esa muestra, ya que se han escogido precisamente los funcionarios que, comparando las nóminas de los años 2000 y 2001, han tenido un incremento diferente del 2% motivado por cambios de plaza, puesto de trabajo u otras circunstancias similares. Por lo tanto, la afirmación de que se produjo un incremento medio en las retribuciones del 7,20% entre 2000 y 2001 no es extrapolable a toda la población. De hecho, el incremento global de salarios del resto de personal, que no ha sufrido cambios en su situación, fue del 2%, cumpliéndose estrictamente lo previsto en el art. 21 de la Ley 13/2000 de Presupuestos Generales del Estado para el año 2001.

El artículo 21.3 de la Ley 13/2000 establece que “el incremento retributivo del 2% debe entenderse sin perjuicio de las adecuaciones retributivas que, con carácter singular y excepcional, resulten imprescindibles por el contenido de los puestos de trabajo, por la variación del número de efectivos asignados a cada programa o por el grado de consecución de los objetivos fijados al mismo”.

El cambio de complemento de destino mínimo a aplicar a los funcionarios del Grupo A, pasando del nivel 20 a nivel 22, fue acordado por el Pleno de este Ayuntamiento en sesión de fecha 12 de junio de 2000, con efectos del 01-03-2000. Este acuerdo, firme, está fundamentado en la Resolución de la Secretaría de Estado para la Administración Pública de 18 de junio de 1998, resultante del Acuerdo Administración-Sindicatos suscrito el 01 de junio de 1998.

El cambio de complementos de destino y específico de determinados puestos de trabajo está motivado por cambios de puestos, consecuencia de modificaciones operadas en el Organigrama. Estos cambios de Puestos de Trabajo implican alteración sustancial de las funciones a desarrollar, así como una modificación importante en la responsabilidad que conlleva el desempeño de nuevos puestos de trabajo.

El artículo 21.4 de la Ley 13/2000 establece que los acuerdos, convenios o pactos que impliquen crecimientos retributivos superiores a los que se establecen en este artículo o en las normas que lo desarrollen, deberán experimentar la oportuna adecuación, deviniendo inaplicables en caso contrario las cláusulas que se opongan al mismo. Los acuerdos a los que se refiere este anteproyecto de informe en ningún momento, se entiende que, incumplen lo dispuesto en el artículo citado, ya que no sólo se debe considerar el citado punto 4 del mismo sino que debe ser considerado dicho artículo en su totalidad.

En relación a la conclusión referente a que en los expedientes personales no consta la formalización de los reconocimientos de los trienios, de conformidad con el art. 23 de la Ley 30/1984 de 2 de agosto de medidas de reforma de la función pública, entendemos que los trienios son un elemento de las retribuciones básicas de los funcionarios y consiste en



una cantidad igual para cada grupo por cada tres años de servicio en el Cuerpo o Escala, Clase o Categoría. Los trienios sí son objeto de reconocimiento en el devengo y abono de las correspondientes nóminas de haberes. Lo que sí debe ser objeto de reconocimiento en resolución administrativa expresa es el tiempo de servicios prestados en la Administración Pública, de conformidad con el art. 1 de la ley 70/78 de 26 de diciembre, tal y como se viene realizando ordinariamente.

Respecto a la afirmación de la concesión de una semana adicional de vacaciones por prestación de siete años de servicios en el Ayuntamiento, debemos alegar que no se trata de una semana adicional de vacaciones sino que el Acuerdo Regulador de las condiciones de trabajo del personal al servicio del Ayuntamiento de A Coruña, vigente en este momento, regula en su art. artículo 28 el premio especial de antigüedad por cada siete años de servicios prestados al Ayuntamiento de La Coruña. Por tanto, el Acuerdo configura la concesión de esta semana como un premio.

El abono de la antigüedad a los trabajadores procedentes de la empresa encargada de la recaudación hasta 1987, se divide en dos conceptos retributivos distintos; por un lado se aplica antigüedad reconocida, concepto utilizado para abonar la antigüedad al personal que ha pertenecido en su momento a la empresa encargada de la Recaudación, hasta noviembre de 1987, por lo que el precio de este concepto corresponde al abonado por la empresa de procedencia; además, el importe de este concepto no sufre ningún incremento anual. Por otro lado, se utiliza la antigüedad por grupo, concepto utilizado para abonar la antigüedad en el Ayuntamiento del personal laboral, según su categoría, aplicando el precio por cada trienio que establece la Ley de Presupuestos del Estado de cada año. La utilización de este doble concepto para abonar la antigüedad de este personal tiene su origen en la normativa laboral, en concreto en el art. 44 del Real Decreto 1/1995, Estatuto de los Trabajadores, que establece que el cambio de la titularidad de la empresa, centro de trabajo o de una unidad productiva autónoma de la misma, no extinguirá por sí mismo la relación laboral, quedando el nuevo empresario subrogado en los derechos y obligaciones laborales del anterior. En concreto, se abona la antigüedad de la antigua empresa de recaudación pero, en ningún caso, se les han reconocido como servicios prestados en la Administración el tiempo de trabajo en la empresa privada.

